



**Actividade** Convocatoria sesión ordinaria Pleno

**Número expediente** PLN/2024/15

**PLN/2024/15.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA VINTE E SETE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Sendo as dezanove horas e trinta e dous minutos do vinte e sete de novembro do ano dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

<b>Cadro de asistencia</b>	
<b>Concelleiro/a</b>	<b>Asistencia</b>
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Begoña María Gómez Díaz	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier CartelleCudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Iván Martínez González	Asiste



Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da interventora, Dna. Ana María Gómez Peña.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

**1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 30.10.2024 (2024-0014).** Para os efectos previstos no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno:

- Borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data 30.10.2024 (2024-0014).

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	4 favor e unha abstención por ausencia	A favor	A favor	A favor

En función do resultado, préstase aprobación a acta.

**2º.- INTERVENCIÓN.-INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 345/2024. MODIFICACION BASES EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MBEO 01/2024.** Elévase á consideración do Pleno o expediente administrativo aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona núm. 345/2024, previamente ditaminado pola Comisión Informativa Permanente de Facenda e Promoción Económica en sesión extraordinaria urxente realizada con data 21.11.2024.

Primeira quenda de intervencións	
Grupo BNG	Inicia a súa intervención lembrando os antecedentes da tramitación do expediente indicando tras quedar o asunto sobre a mesa en previa Comisión Informativa para que o Goberno local fixese determinadas actuacións coas asociacións. Nese tempo dúas delas presentaron a Memoria para que



	podan optar á axuda municipal e tras unha nova sesión da Comisión Informativa se puideron incluír na proposta finalmente ditaminada. Xa que se está a traballar nun novo orzamento quere que utilicen a xestión para que as entidades de carácter deportivo, cultural ou social podan ter máis opcións xa que viven na incertidume sen saber que van a contar cos fondos municipais.
<b>Alcalde</b>	Toma a palabra para de forma pública manifestar que se alegra do cambio de postura do BNG que non contaba cando gobernaba o concello cunha axuda para as entidades asociativas incluídas.

Rematado o debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	Abstención	Abstención	Abstención

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.**-Aprobar inicialmente o expediente de modificación da Base de Execución do Orzamento Xeral nº69, modificando os apartados 11.1º, 11.2º e 11.3º e engadindo un novo apartado, o 11.4º, nos seguintes termos:

**- Modifícase o texto da Base 69ª, apartado 11.1º, que pasa a ter a seguinte redacción:**

1º Con cargo á aplicación 135.489,00, que contan cun crédito global de 2.500 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15654304	Agrupación de voluntarios de protección civil	2.500,00

**-Modifícase o texto da Base 69ª, apartado 11.2º, que pasa a ter a seguinte redacción:**

2º Con cargo á aplicación 311.489,00, que contan cun crédito global de 3.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE
-----	--------------------	---------



		MAXIMO
G70581350	Asociación Indican-Iniciativa dignidad canina	3.000,00 €

**-Modifícase o texto da Base 69ª, apartado 11.3º, que pasa a ter a seguinte redacción:**

3º Con cargo á aplicación 334.489,00, que contan cun crédito global de 33.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15048754	Casino Mugardeés	10.000,00 €
G15141138	Casino Progreso de Franza	5.000,00 €
G15080880	Sociedade Amigos da Paisaxe Galega	5.000,00 €
G15076532	Casino de San Xoán de Piñeiro	5.000,00 €
G70520531	Asociación Cultural Apelón Educación	3.000,00 €
G70252051	Asociación Comunidade O Zulo	2.500,00 €
G15750920	Asociación plataforma de veciños o cruceiro de Mehá	2.500,00 €

**-Engadese ao texto da Base 69ª, un novo apartado 11.4º, que terá a seguinte redacción:**

4º Con cargo á aplicación 341.489,00, que contan cun crédito global de 73.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15116304	S.D. Galicia	30.000,00 €
G15097363	Clube do Mar	27.000,00 €
G70532692	ClubePulpeiros Mugardeos	10.000,00 €
G15048721	Asociación vecinos del municipio de Mugardeos Montefero	1.500,00 €
G15643554	Agrupación de Montaña e escalada Bestarruza	3.000,00 €
G70190426	Escuela Karate Franza	1.500,00 €

**Unha vez introducidas as citadas modificacións o texto definitivo do apartado 11 da Base 69ª de Execución do Orzamento, quedaría redactada do seguinte xeito:**

### **11. Relación de subvencións nominativas.**

1º Con cargo á aplicación 135.489,00, que contan cun crédito global de 2.500 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:



CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15654304	Agrupación de voluntarios de protección civil	2.500,00

2º Con cargo á aplicación 311.489,00, que contan cun crédito global de 3.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G70581350	Asociación Indican-Iniciativa dignidad canina	3.000,00 €

3º Con cargo á aplicación 334.489,00, que contan cun crédito global de 33.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15048754	Casino Mugardeés	10.000,00 €
G15141138	Casino Progreso de Franza	5.000,00 €
G15080880	Sociedade Amigos da Paisaxe Galega	5.000,00 €
G15076532	Casino de San Xoán de Piñeiro	5.000,00 €
G70520531	Asociación Cultural Apelón Educación	3.000,00 €
G70252051	Asociación Comunidade O Zulo	2.500,00 €
G15750920	Asociación plataforma de veciños o cruceiro de Mehá	2.500,00 €

4º Con cargo á aplicación 341.489,00, que contan cun crédito global de 73.000 €, abonaranse as seguintes subvencións nominativas:

CIF	ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO
G15116304	S.D. Galicia	30.000,00 €
G15097363	Clube do Mar	27.000,00 €
G70532692	ClubePulpeiros Mugardeos	10.000,00 €
G15048721	Asociación vecinos del municipio de Mugardeos Montefero	1.500,00 €
G15643554	Agrupación de Montaña e escalada Bestarruza	3.000,00 €
G70190426	Escuela Karate Franza	1.500,00 €

**Segundo.**-Que se expoña ao público o expediente polo prazo de quince días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, neste caso, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario,



deberíase facer publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte disposto no art 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**3º.- INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 2324/2024. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 05/2024 (RELACION F/2024/49)** Elévase á consideración do Pleno o expediente administrativo aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona núm. 2324/2024, previamente ditaminado pola Comisión Informativa Permanente de Facenda e Promoción Económica en sesión ordinaria realizada con data 21.11.2024.

Primeira quenda de intervencións	
<b>Grupo BNG</b>	Inicia o exame deste punto da orde do día tomando a palabra para indicar que o presente recoñecemento extraxudicial de créditos ampara as facturas de actividades maiormente do Nadal. Polo que insta ao Goberno Local para que no vindeiro orzamento dote do crédito necesario para que teñen cabida este tipo de gastos.

Rematado o debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	Abstención	Abstención	Abstención

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Levantar o reparo formulado pola Intervención de acordo co informe que obra no expediente, e en base ás consideracións indicadas na parte expositiva da presente proposta, e que afecta a seguinte relación contable de facturas:

**Número de relación contable: F/2024/49**

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Prog	Econ.	Persoa/Organismo xestor do gasto	Xustificación/ Motivos
F/2024/175	16/01/2024	Emitido 24-13	1.925,00	B70290689	LA GUAGUA SERVICIOS SOCIOCULTURALE S, S.L.	OBRADOIROS DE CONCILIACIÓN NADAL 2023-24 OS DÍAS 26,27,28 E 29 DE DECEMBRO E 2,3 E 4 DE XANEIRO EN HORARIO DE 8.30 A 14.	231	22799	Concelleira de Cultura e Deportes	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato. Dar unha resposta axil as necesidades municipais



F/ 2024/176	16/01/2024	Emit 24-14	4.464,90	B70290689	LA GUAGUA SERVICIOS SOCIOCULTURALES, S.L.	RECEPCIÓN DE PAPÁ NOEL 23 DE DICIEMBRE: Papá Noel con 2 Elfos + alquiler de trono y colocación de moqueta + 5 kg de cara	338	22799	Concelleira de Cultura e Deportes	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axil as necesidades municipais
F/ 2024/245	25/01/2024	F 0016230	1.209,22	326323005	JUAN SIXTO BOUZA/COMAS	37DEPLI DEPORTIVO LIGHT ( CORRESPONDIENTE A ALBARANES 1530; 1535; 1567; 1519; 1583; 1559 ) / 37VELISO ZAPATO VELCRO LISO			Concelleiro de Urbanismo,Rehabilitación e Réxime Interior	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axil as necesidades municipais
F/ 2024/257	31/01/2024	2024 902	625,00	76417062E	ANA PRADOS RIVERA	PAQUETES REGALO DE NAVIDAD	338	22699	Concelleira de Cultura e Deportes	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axil as necesidades municipais
F/ 2024/359	06/02/2024	24FV00020	9.268,60	32689797N	JESUS PICO LOPEZ	INSTALACIÓN ILUMINACIÓN NADAL (6/12/2023-07/01/2024)	338	22799	Concelleira de Cultura e Deportes	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axil as necesidades municipais
			17.492,72							

**Segundo.**-Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 05/2024 por un importe bruto total de **17.492,72 €**. Os gastos correspondentes, imputaríanse aos créditos das partidas do orzamento vixente, están incluídos na relación contable de facturas F/2024/49, que se relacionan a continuación:

**Número de relación contable:F/2024/49**

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Prog Econ.	Persoa/Organismo xestor do gasto	Xustificación/Motivos
---------------	-------	-----------------	---------------	---------	--------	-------------------	------------	----------------------------------	-----------------------



F/ 2024/175	16/01/2024	Emit 24-13	1.925,00	B70290689	LA GUAGUA SERVICIOS SOCIOCULTURALES, S.L.	OBRADOIROS DE CONCILIACIÓN NADAL 2023-24 OS DÍAS 26,27,28 E 29 DE DECEMBRO E 2,3 E 4 DE XANEIRO EN HORARIO DE 8.30 A 14.	231	22799	Concelleira de Cultura e Deportes	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axil as necesidades municipais
F/ 2024/176	16/01/2024	Emit 24-14	4.464,90	B70290689	LA GUAGUA SERVICIOS SOCIOCULTURALES, S.L.	RECEPCIÓN DE PAPÁ NOEL 23 DE DICIEMBRE: Papá Noel con 2 Elfos + alquiler de trono y colocación de moqueta + 5 kg de cara	338	22799	Concelleira de Cultura e Deportes	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axil as necesidades municipais
F/ 2024/245	25/01/2024	F 0016230	1.209,22	32632300S	JUAN SIXTO BOUZA/COMAS	37DEPLI DEPORTIVO LIGHT ( CORRESPONDIENTE A ALBARANES 1530; 1535; 1567; 1519; 1583; 1559 ) / 37VELISO ZAPATO VELCRO LISO			Concelleiro de Urbanismo,Rehabilitación e Réxime Interior	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axil as necesidades municipais
F/ 2024/257	31/01/2024	2024 902	625,00	76417062E	ANA PRADOS RIVERA	PAQUETES REGALO DE NAVIDAD	338	22699	Concelleira de Cultura e Deportes	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axil as necesidades municipais
F/ 2024/359	06/02/2024	24FV00020	9.268,60	32689797N	JESUS PICO LOPEZ	INSTALACIÓN ILUMINACIÓN NADAL (6/12/2023-07/01/2024)	338	22799	Concelleira de Cultura e Deportes	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axil as necesidades municipais
			17.492,72							

**Terceiro.-** Aprobar e dispoñer os gastos, e recoñecer as obrigas correspondentes a exercicios anteriores, derivadas das facturas incluídas na relación contable de facturas F/2024/49 que se relacionan a continuación:

**Número de relación contable:F/2024/49**

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Prog Econ.	Persoa/Organismo xestor do gasto	Xustificación/ Motivos
---------------	-------	-----------------	---------------	---------	--------	-------------------	------------	----------------------------------	------------------------





F/ 2024/175	16/01/2024	Emit 24-13	1.925,00	B70290689	LA GUAGUA SERVICIOS SOCIOCULTURALES, S.L.	OBRADOIROS DE CONCILIACIÓN NADAL 2023-24 OS DÍAS 26,27,28 E 29 DE DECEMBRO E 2,3 E 4 DE XANEIRO EN HORARIO DE 8.30 A 14.	231	22799	Concelleira de Cultura e Deportes	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axilas necesidades municipais
F/ 2024/176	16/01/2024	Emit 24-14	4.464,90	B70290689	LA GUAGUA SERVICIOS SOCIOCULTURALES, S.L.	RECEPCIÓN DE PAPÁ NOEL 23 DE DICIEMBRE: Papá Noel con 2 Elfos + alquiler de trono y colocación de moqueta + 5 kg de cara	338	22799	Concelleira de Cultura e Deportes	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axilas necesidades municipais
F/ 2024/245	25/01/2024	F 0016230	1.209,22	32632300S	JUAN SIXTO BOUZA/COMAS	37DEPLI DEPORTIVO LIGHT ( CORRESPONDIENTE A ALBARANES 1530; 1535; 1567; 1519; 1583; 1559 ) / 37VELISO ZAPATO VELCRO LISO			Concelleiro de Urbanismo,Rehabilitación e Réxime Interior	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axilas necesidades municipais
F/ 2024/257	31/01/2024	2024 902	625,00	76417062E	ANA PRADOS RIVERA	PAQUETES REGALO DE NAVIDAD	338	22699	Concelleira de Cultura e Deportes	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axilas necesidades municipais
F/ 2024/359	06/02/2024	24FV00020	9.268,60	32689797N	JESUS PICO LOPEZ	INSTALACIÓN ILUMINACIÓN NADAL (6/12/2023-07/01/2024)	338	22799	Concelleira de Cultura e Deportes	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axilas necesidades municipais
			17.492,72							

**4º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 1672/2024. RECTIFICACIÓN 19ª DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS E REFUNDIDO DAS RECTIFICACIÓNS 1ª Á 19ª, AMBAS INCLUSIVE.** Elévase á consideración do Pleno o expediente administrativo abertona ferramenta de administración electrónica Gestiona núm. 1672/2024 previamente ditaminadopola Comisión Informativa Permanente de Facenda e Promoción Económica en sesión ordinaria realizada con data 21.11.2024.

Non subscitándose debate ningún e sometida a proposta a votación ordinaria, acádaseose seguinte resultado:



<b>Grupo municipal</b>	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	A favor	Abstención	Abstención

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Aprobar a rectificación 19ª do inventario de bens e dereitos, correspondente ao periodo comprendido do 01.01.2023 ao 31.12.2023, nos termos que figuran no anexo I que de seguido se indica, e que se xunta á presente proposta como parte integrante da mesma:

- Anexo I.- Rectificación 19ª do inventario de bens e dereitos. Altas e variacións patrimoniais durante o periodo comprendido do 01.01.2023 ao 31.12.2023.

**Segundo.-** Prestar aprobación ao inventario de bens e dereitos refundido comprensivo das rectificacións 1ª á 19ª do inventario de bens e dereitos, nos termos que figuran no Anexo II que de seguido se indica, e que se xunta á presente proposta como parte integrante da mesma:

- Anexo II.- Inventario municipal. Refundido das rectificacións anuais. Comprensivo da rectificación 1ª á 19ª, ambas incluídas.

**Terceiro.-** Dar traslado do presente acordo á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, ao abeiro do establecido no artigo 32 do Regulamento de Bens das Entidades Locales de 13 de xuño de 1986, remitíndoselles, aos efectos oportunos, copia da rectificación

**5º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 1384/2023. CAMBIO DE DATA DE CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E DA XUNTA DE VOCEIROS CORRESPONDENTES AO MES DE DECEMBRO 2024.-** Elévase á consideración do Pleno o expediente administrativo abertona ferramenta de administración electrónica Gestiona núm. 1384/2023, previamente incluído na orde do día da derradeira Xunta de Portavoces realizada con data 21.11.2024.

O Alcalde incia o exame deste punto da orde do día para indicar que la proposta elevada á consideración da Xunta de Portavoces e agora a Pleno, hai un erro e así nado se indica:

“... ”

Visto que a celebración da sesión ordinaria do próximo pleno coincide o día 25 de decembro de 2024 ás 19:30 h, día de Nadal e o primeiro día hábil anterior é o día 26 de decembro de 2024, véspera do día de Nadal.

...”

Debe dicir:



“ ...

Visto que a celebración da sesión ordinaria do próximo pleno coincide o día 25 de decembro de 2024 ás 19:30 h, día de Nadal e o primeiro día hábil anterior é o día 24 de decembro de 2024, véspera do día de Nadal.

...”

Non subscitándose debate ningún, sometida a proposta a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o sinalado no ROM, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primero.-** Cambiar á data de celebración da próxima sesión ordinaria do Pleno da Corporación correspondente ao 25 de decembro de 2024 quedando fixado para o día 18 de decembro de 2024 ás 19.30 horas.

**Segundo.-** En consecuencia cambiar a data de celebración da próxima do Xunta de Voceiros/as correspondente ao 19 de decembro de 2024 quedando fixada para o día 12 de decembro de 2024 ás 11.00 horas, podendo presentarse mocións ata as 11.00 horas do día 11 de decembro de 2024.

**6º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á SITUACIÓN DO IDIOMA PROPIO DA GALIZA E Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A SÚA NORMALIZACIÓN.-** Escrito de moción presentado con data 13.11.2024 (número rexistro de entrada 2024-E-RPLN-19), incluída no día da derradeira Xunta de Portavoces realizada con data 21.11.2024 que responde ao seguinte tenor e que pasa a ser presentada polo membro do grupo municipal BNG, Evaristo Deus Deus:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No pasado pleno do día 27.12.2023, a Corporación Municipal do Concello de Mugardos, aprobounha moción presentada polo grupo municipal do BNG na que se instaba ao goberno municipal á execución de accións para o cumprimento da lexislación municipal (Regulamento municipal de uso do galego no Concello de Mugardos) e promover e fomentar o uso do galego na vida cotiá do municipio.

A día de hoxe, non hai constancia do máis mínimo pulo a favor da nosa lingua realizado polo actual goberno municipal.



Os recentes datos feitos públicos polo Instituto Galego de Estatística sobre coñecemento e uso do idioma galego constatan a situación crítica que está a atravesar a nosalingua. Esta situación que podemos cualificar de emerxencia, é a consecuencia dunha política lingüística discriminatoria e excluínate aplicada nos últimos quince anos de goberno do Partido Popular na Xunta da Galiza. Neste período prohibiuse a impartición en galego de varias materias no sistema educativo (caso único en Europa), eliminouse practicamente o acceso das crianzas á lectoescritura en galegona rede de escolasinfantís, mudouse a lei da función pública para que o funcionariado non teña por que ter coñecemento do galego para atender ás persoas, ou desapareceu a oferta da programación infantil ampla e actualizada na TVG, entre outras moitas medidas contra o galegona administración, naxustiza, no audiovisual e medios de comunicación, ou nas actividades comerciais e económicas.

As consecuencias están á vista. O galego non só descende bruscamente no uso habitual, perdendo a súa condición de lingua máis falada na Galiza, senón que mesmo se descoñecen as franxas de idade máis novas: o 32,4% das nenas e nenos entre 5 e 14 anos non son quen de se expresar en galego. Poden enténdelo, mais non falalo aínda que queiran, porque non o dominan. Este é o resultado práctico desas políticas. Así, o Consello de Europa ou a propia ONU teñen dirixido advertencias á Xunta de Galiza para mudar a actitude sobre o galego.

Consideramos, por suposto, que esta situación do noso idioma é reversíbel. O galego ten futuro se o compromiso coa normalización do noso idioma é real e asumido por toda a sociedade, comezando polas institucións galegas.

O futuro do galego depende da nosa vontade colectiva como galegos e galegas. É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, e a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDOS:**

1. Reafirmarnos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.
2. O concello revisará a súa actuación en materia lingüística e a adaptará ao previsto legalmente, tendo en conta a súa condición de “lingua propia de Galiza” (Estatuto de Autonomía, artigo 5), e o establecido nos preceptos aprobados por unanimidade das forzas políticas: Lei de Normalización Lingüística (1983), Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004), e o Regulamento municipal de uso do galego no Concello de Mugaros (2004).
3. O pleno do concello acorda adherirse á Plataforma Queremos Galego, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia do noso pobo, o galego; de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación; e de progresiva normalización na queles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada. En



coherencia con esa decisión. O Concello apoiará activamente as iniciativas sociais promovidas desde esta Plataforma.

4. Trasladar este acordo plenario ao Parlamento da Galiza, Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego.”

Primeiraquenda de intervencións	
Grupo PP	O se grupo está de acordo co co sentir da problemática situación que está a pasar a lingua galega segundo as últimas estadísticas. En tanto, presentan unha emenda e votarán a favor da mocion favor se se elimina o pronunciamento terceiro relativo á proposta de adhesión á Plataforma Queremos Galego

Se solicita por parte do concelleiro Evaristo Deus Deus do grupo BNG unha suspensión de 5 minutos, ao que accede o Presidente.

Se suspende a sesión sendo as dezanove horas e corenta e oito minutos, reiniciándose as dezanove horas e corenta e nove minutos.

Toma de novo a palabra o concelleiro Evaristo Deus Deus do grupo BNG, manifestando que acceden á emenda formulada para que a moción sexa máis inclusiva.

Pecha o debate solicitando que acordo que poda ser adoptado máis que un papel sexa un compromiso activo no funcionamento da vida institucional.

Rematado o debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor.

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Reafirmarnos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seudereitoinalienábel a ser coñecida e usada polapoboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.

**Segundo.-** O concello revisará a súa actuación en materia lingüística e a adaptará ao previsto legalmente, tendo en conta a súa condición de “lingua propia de Galiza” (Estatuto de Autonomía, artigo 5), e o establecido nos preceptos aprobados por unanimidade das forzas políticas: Lei de Normalización Lingüística (1983), Plano Xeral



de Normalización da Lingua Galega (2004), e o Regulamento municipal de uso do galego no Concello de Mugardos (2004).

**Terceiro.-** Trasladar este acordo plenario ao Parlamento da Galiza, Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego

## 7º.- SECRETARÍA.- MOCIÓNS URXENTES

Non se formulan.

**8º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.-**Dáse lectura á dilixenciaestendida por Secretaría con data 21.11.2024:

“....

“EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Pendente de visado polo Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, téndose recibido, con data 31.10.2023, requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal, téndose emitido informe pola psicóloga municipal en data 16.01.2024, sobre a adaptación do regulamento de réxime interior ás Normas de funcionamentoda Escola Infantil Municipal, e informe xurídicopola secretaria da corporación en data 09.02.2024, e téndose elevado o expediente á comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdadena sesión celebrada en data 15.02.2024 para a toma en consideración das normas de funcionamento da EIM As Lagoas visadas pola Xunta de Galicia; téndose recibido, con data 15.04.2024, novorequirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal, tra-lo cal tense emitido, en data 05.11.2024, novo informe pola psicóloga municipal no que se recollen as modificacións que se propón incorporar aoRegulamento de Réxime Interior co fin de dar cumprimentoaorequirimento da Secretaría General Técnica de la Consellería de Política Social e Xuventude así como ásinstruciónsrecollidas no Decreto 329/2005 de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A PROPOSTA DE IMPULSO SOBRE AS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE BEIRAMAR, NO SEIXO. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia do concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interioro inicio dos trámites necesarios para formalización dun novo convenio ou negocio xurídicomáis adecuado que así se sinale en informe para poder dar continuidadeao uso público en condicións de seguridade xurídica de data 20.09.2023, téndose emitido informes pola secretaria municipal en datas 28.09.2023 e 16.01.2024. Así mesmopola Sociedade Amigos da Paisaxe Galega tense presentado escrito de alegaciónsao contrato de préstamo de uso entre a Sociedade e o Concello, téndose emitido novo informe pola secretaria municipal en data 06.03.2024, e téndoserequirido á Asociación a aportación ao expediente de documentación xustificativa e ao redactor do proxecto da obra incluída no POS+ adicional 2/2021 a emisión de informe onde se reflecta á vida útil das obras contempladas no proxecto; Asociación que con data 28.08.2024 ten presentado a documentación xustificativa da



propiedade que estimaron por convintetra-lo requirimento practicado. Así mesmo tense solicitado información ao Arquivo do Reino de Galicia sobre a titularidade de varias fincas situadas en Beiramar; información que ten sido facilitada pola dirección do citado arquivo.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

EXPEDIENTE 197/2023.- SOLICITUDE DE AXUDA PERTE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA. 2ª CONVOCATORIA AGOSTO 2023 (BOE Nº 183 DE 2 DE AGOSTO DE 2023). Pola dirección Xeral da Auga do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico tense requerido a aclaración sobre diversos aspectos da solicitude presentada que non supoñan a reformulación nin mellora desta (número rexistro de entrada 2024-E-RC-3427, de 17.07.2024), téndose confeccionado polo Concello de Mugar dos documentación aclaratoria das cuestións que a este concello lle atinxen remitidas ao concello de Ares para a súa presentación en tempo e forma con data con data 23.07.2024 (declaración actuacións anteriores; declaración de non ter recibido axudas; declaración/aclaración detalle orzamento e declaración xeneración ingresos).

EXPEDIENTE 2057/2023. PROXECTO DE REGULAMENTO PRESTACIÓNS ECONÓMICAS SERVIZOS COMUNITARIOS CONCELLO DE MUGARDOS. Uniuse certificación do acordo ao expediente e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia n.º 151 de 07.08.2024 e coa mesma data no taboleiro de anuncios do Concello dispoñible no portal de internet <https://mugar dos.sedelectronica.gal/info.0>, e na sección de Transparencia, apartado 2.1 (normativa en tramitación, normativa en fase de información pública), sen que durante o trámite de información pública se tivese presentado reclamación nin suxerencias ningunha, publicándose no Boletín Oficial da Provincia núm. 189, de data 01.10.2024, anuncio de aprobación definitiva do regulamento das prestacións económicas dos servizos sociais comunitarios do Concello de Mugar dos, e téndose dado traslado do regulamento definitivamente aprobado á Subdelegación do Goberno en A Coruña e á Dirección Xeral de administración local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, para os efectos establecidos no artigo 65.2º da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local, sen que no prazo marcado no citado artigo 65.2º se teña formulado requirimento algún nin pola Administración do Estado nin pola Administración da Comunidade Autónoma, entrando o regulamento en vigor a partir do día seguinte ao 25 de outubro de 2024.

INICIO ACTUACIÓNS EXPROPIACIÓN FORZOSA CON DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN “AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN O MONTE (SANTIAGO DE



FRANZA)" POS +2024. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e deuse inicio ao trámite de información pública mediante a remisión de anuncio ao Boletín Oficial da Provincia e ao BOE, e con notificación individual ás persoas propietarias interesadas identificadas; téndose publicado anuncio no indicado Boletín Oficial da Provincia núm.179 de data 17.09.2024 e nun dos diarios de maior difusión provincial con data 19.09.2024 (diario La Voz de Galicia, Comarcas), sen que durante o prazo de información pública se teña presentado reclamación ou suxerencia algunha, segundo consta no informe emitido pola funcionaria encargada do rexistro xeral do Concello de Mugar dos.

EXPEDIENTE 848/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 3/2024. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do acordo á Deputación Provincial de A Coruña.

EXPEDIENTE 848/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2024. NOVA SOLICITUDE. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do acordo á Deputación Provincial de A Coruña.

EXPEDIENTE 1739/2024. INTEGRACIÓN DO CORPO DE POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS NO “SISTEMA DE SEGUIMENTO INTEGRAL DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO” (VIOGEN). Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente.

EXPEDIENTE 1214/2024.- APROBACIÓN RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 01/2024. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e polas Resolucións da Alcaldía núms. 2024-1098, 2024-1099, 2024-1134 e 2024-1277 acordouse ordenar o pago de facturas incluídas nas relacións contables de facturas F/2024/8 e F/2024/9.

EXPEDIENTE 1266/2024.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MC 11/2024. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, abríndose un prazo de exposición ao público tras a inserción de anuncio no BOP nº 198 de 14 de outubro de 2024 e a publicación do mesmo nos taboleiros de anuncios do Concello, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación alguna, segundo consta en informe emitido por funcionaria do rexistro xeral do Concello, e téndose remitido anuncio de aprobación definitiva ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

EXPEDIENTE 1265/2024.- APROBACIÓN RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 02/2024. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, e pola Resolución da Alcaldía núm. 2024-1276 acordouse ordenar o pago das facturas incluídas na relación contable de facturas F/2024/12.

EXPEDIENTE 2012/2024.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 03/2024. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, e pola





Resolución da Alcaldía núms. 2024-1289 acordouse ordenar o pago das facturas incluídas na relación contable de facturas F/2024/30.

EXPEDIENTE 2101/2024.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 04/2024. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e polas Resolucións da Alcaldía núms. 2024-1258, 2024-1287 e 2024-1288 acordouse ordenar o pago das facturas incluídas nas relacións contables de facturas F/2024/31 e F/2024/34.

MOCIÓNS URXENTES./MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE O SERVIZO DE PEDIATRÍA DO CENTRO DE SAÚDE DE MUGARDOS. Uniuse certificación do acordo ao expediente”.

A portavoz do grupo municipal BNG e do grupo municipal PSdG-PSOE sinalan á secretaria do concello que a dilixencia non se achegou xunco coa convocatoria da sesión.

A secretaria comproba que pese a estar unido á documentación do expediente, non estaba accesible para os grupos. Polo que sen demora será compartido con todos/as concelleiros/as.

**9º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2024-1209 AO 2024-1348.**

O Pleno da por realizado o trámite.

**10º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

<b>Rogos</b>	
<b>Grupo BNG</b>	Solicita se traslade á CI Cultura toda a documentación relativa á problemática da Escola de Música (estado da contratación, materias que se están a impartir, documentación das incidencias xurdidas)

Non habendomáis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as vinte horas e un minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta cun soporte de grabación en audio cuxa pegada dixital é:DA718D3EE9C638E6F1DE6791F906CC716F25958F8E20B079F0AAE64EC03ACFA8

Visto e praxe

O Presidente

Juan Domingo de Deus

A secretaria

Fonticoba Paula E. Ramos Díaz





Cod. Validación: 5XY2GWW2ZXJCKRTG9CY5KY2A  
Corrección: <https://mujer.gad.es/sedelectronica/gal/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 18